

Xa é o momento de dicir ben alto que a informática e a introducción de ordenadores no ensino non nos vai redimir de nada. Que cando todo o “mundo mundial” estea conectado, seguirán existindo ricos e pobres, listos e menos listos, oprimidos e opresores. Cando xa todos teñamos RDSI, ADSL, P-15, Windows 3017 e paguemos ben caro todo isto, seguiremos sendo donos de nada e seguiremos informados do que queiran que esteamos informados. É mentira que en Internet haxa de todo e aínda que o haxa non é doado atopalo.

Debemos servirmos das tecnoloxías, pero sendo conscientes de ata que punto somos nós os que as estamos a utilizar e ata onde elas nos controlan ou nos utilizan

Se incluímos o ordenador como recurso didáctico dentro do desenvolvemento do currículo ordinario, o ordenador será útil se responde á pregunta: ¿cómo me poden axudar as TIC diante da aprendizaxe na escola?

A linguaxe multimedia será útil cando sexa máis axeitado que outros para explicar algo. É dicir, se antes para explicar unha vaca debíamos levar aos nenos e as nenas diante da vaca mellor que ensinar fotos ou vídeos dunha vaca, agora igual. Non ten moito sentido facer un programa informático que reproduza as páxinas dun libro por moito que haxa que facer clic cun rato. Unir con frechas é moi semellante nun libro e nunha pantalla.

Está comprobado que o primeiro golpe de motivación aos nosos alumnos e alumnas, o producido pola novidade tecnolóxica e a realidade dixital tan afín aos novos xogos atenúase rapidamente. Unha actividade calcada dun libro, a mesma ficha pasada a pantalla pode ser útil as primeiras veces, pero pronto perde ese encanto ao converterse nun substituto do papel sen máis.

Non confundamos o MEDIO co FIN, pero evidentemente non se fai o mesmo co ordenador que co lapis e o papel. Na era dixital o multimedia é máis atractivo, motivador, limpo... pero debemos tender cara o verdadeiramente multimedia e interactivo

OBXECTIVOS DO USO DOS ORDENADORES

1. Alfabetización no uso das Tic

- Non regrado: Non é necesario realizar unha programación sobre a alfabetización nas diferentes ferramentas ou programas. Só ensinaremos o que é preciso para a realización da actividade. Non fai falta programar a aprendizaxe de Word en 3º, Power Point en 5º e Front Page en 6º.
- Planificado: Que a aprendizaxe non sexa regrada non quere dicir que non teñamos que planificar que se queremos que os alumnos e as alumnas realicen un texto en word antes non teñamos que presentarles o programa
- Oculto: Se somos capaces de que aprendan o funcionamento do programa sen que sexan conscientes de que están a aprender o uso da ferramenta será moito máis positivo
- A única alfabetización que debe ser consciente regrada e vista, debe ser a alfabetización mecanográfica. Utilizaremos un programa de libre disposición e que garde os resultados de cada alumno ou alumna para que podan ser comprobados os seus avances. Non é necesario que das nosas escolas salgan grandes xenios da informática. Chega con que a saiban utilizar. Se constata a necesidade dunha alfabetización en el medio. non se pode aproveitar didacticamente algo que non se sabe manexar. non se pode aprender con un instrumento que non se manexa. é necesario un mínimo coñecemento como usuario. Nótase que moitos traballos cos nenos e as nenas prantexados con ordenadores, especialmente aqueles máis creativos relacionados coa linguaxe precisan dunha ferramenta da que moitos de eles carecen: a rapidez na mecanografía. Sen ela, estas actividades fanse tediosas e esta dificultade chega a ser tan grande que pode facer fracasar a actividade.

2. Uso das Tic como ferramenta de creación

- Pasar de consumidor a produtor
 - Textos: Uso dun procesador de textos para transmitir os seus coñecementos ou as súas creación literarias

- Presentacións: Realización de presentacións de diapositivas onde se presenten e expoñan ao resto dos seus compañeiros os resultados dos seus traballos tanto bibliográficos como de investigación tanto dixital como etnográfica.
- Creacións artísticas: Os alumnos e as alumnas poden utilizar calquera programa de deseño gráfico para expor as súas creacións. Programas como Tux-Paint ou Fine Artist son perfectos para o obxectivo
- Blogs como canle para a expresión do alumnado

3. As Tics como apoio ao currículo

- Creación de material por parte do profesorado
 - Actividades Clic:

Clic é un descubrimento, pero non a pedra filosofal. é un bo paso para perder el medo e comprobar que temos ao noso dispor unha gran cantidade de ferramentas xa deseñadas e muchas de elas válidas para moitísimos temas del currículo. Pero... ¡ollo! non todos los aprendizaxes precisan da mesma metodoloxía e de los mesmos instrumentos. Se precisan usuarios activos e creativos.

Estamos falando de TIC por lo tanto se suponse que hai un emisor e un receptor e para que haxa comunicación en los mensaxes debe producirse una alternancia en estes papeis. ¿Ata que punto se cumpre esta premisa nos programas que utilizamos? Clic ¿cumpre o obxectivo de facer usuarios activos e creativos? ¿Temos que rexeitalo por iso? ¿Ten que ser a única aplicación coñecida polos nosos alumnos e alumnas? ¿Debemos especializarnos nela os profes e abandonar outras aprendizaxes?

Pensamos que o camiño debe ir cara a nosa formación e á dos nosos alumnos e alumnas na creación de contidos multimedia nos que as aprendizaxes sexan variadas: efectivamente hai contidos que poden e seguramente deben ser tratados de xeito asociativo (ex.: fonema-grafema), pero moitos outros non son compatibles cunha teoría da comunicación moderna (recordemos que falamos de TIC) en la que para que esta se produza debe haber un viaxe de ida e volta entre el emisor e el receptor de manexa que este se converta a súa vez en emisor. é dicir que a aplicación permita una verdadeira individualización da aprendizaxe en función dos coñecementos previos do alumno, das súas respostas e dos camiños elixidos na mesma. Esto quere dicir que ante cada clic á resposta do alumno haxa un camiño diferente no programa (ou polo menos

suficientemente variado) e permita actividades de maior intervención que si-non; v-f ou elixir entre varias opcións que finalmente volve a ser una mecánica asociativa de acerto-erro.

- Caza de tesouros, web-quest ou mini web-quest:

Dacordo co seu creador, un WebQuest é unha actividade de indagación/investigación enfocada a que os estudantes obteñan toda ou a maior parte da información que van a utilizar de recursos existentes en Internet. As WebQuests foron ideadas para que los estudantes fagan bo uso del tempo, se enfoquen en utilizar información máis que en busca-la, e en apoiar el desenrolo de seu pensamento en los niveles de análise, síntese e avaliación.

Considero que o uso de Internet ten que estar limitado. Ao ser tan amplo los desborda. Google ten que ser controlado. Así e todo, o alumnado é capaz de buscar a información demandada e coas ferramentas explicadas. As webquest deben realizarse cun número pequeno de páxinas e nunca debemos esquecer as enciclopedias electrónicas tipo Wikipedia ou E-Junior

- Programas comerciais ou de libre disposición:

Non sempre temos que ser creativos, non sempre temos que facer cousas orixinais e novidosas. As novas tecnoloxías teñen que servirnos tamén para a realización de actividades rotinarias e repetitivas.

Para reforzar os coñecementos nas operacións básicas pódese usar programas como o Caderno de Mates que vailles secuenciando as operacións segundo o nivel que van superando. Con esto liberámonos dunha cantidade inxente de traballo de corrección de sumas, restas, multiplicacións e divisións. Eles e elas as fan e o programa corríxelles os seus erros.

Tampouco podemos esquecer os programas que ofrecen, cada vez máis, as propias editoriais cos seus libros de texto. Hainos que chegan a facerse imprescindibles como os de Lingua Inglesa e outros que son meramente unha repetición, noutro soporte, dos exercicios xa realizados.

Non debemos ignorar a utilización directa de recursos da rede como fai o profesorado de Lingua inglesa e de relixión

TIPOS DE USO DAS FERRAMENTAS

- Aula: Pensamos que todas as ferramentas deben de estar na aula de clase. Non ten sentido esperar a que sexa martes a 4ª hora para ir á aula de informática. Os ordenadores teñen que estar na aula. As aulas de informática deben de desaparecer e os ordenadores ser repartidos polas diferentes aulas
- Agrupamentos:
 - Primaria: Individual 1:1. Utilizando ordenadores portátiles. Se pensamos que non entra na nosa cabeza que a estas alturas os nenos ou as nenas teñan que compartir o lapis ou o folio, non ten sentido que teñan que compartir ordenador. Cando o usen ten que ser para eles sos. Non se pode permitir que estean dous ou tres nenos ou nenas diante dun ordenador. Deste xeito sempre se acaba conseguindo que un deles faga as cousas e que os outros se dediquen a mirar como eles fan.
 - Educación Infantil: Pensamos que os agrupamentos para o traballo cos ordenadores deben ser flexibles:
 - En gran grupo
 - En pequeno grupo (de dous en dous ou de tres en tres) para que uns nenos ou nenas animen aos outros e ábranlles camiños
 - Individual sobre todo para a lectoescritura. Cada neno ou cada nena ten que se afrontar á realización do seu propio traballo
- Invisible: Temos que conseguir que non se vexa, ou que si se ve se vexa como outro elemento máis do mobiliario. Teríase que tentar de conseguir que se use na mesma mesa onde traballan e que cando non o usen podan metelo na mochila ou no carro para que os usen os seus compañeiros
- Compatible coas outras ferramentas: Que sexamos partidarios e firmes defensores e defensoras dun uso masivo dos ordenadores nas nosas aulas, queremos seguir utilizando os libros de texto, as bibliotecas, os cadernos, as fichas, as pizarras (se son dixitais mellor)